

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Cultura, pola que se publica a Resolución do 5 de xuño de 2025 de concesión de axudas convocadas mediante a Orde do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT130A),

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 31, do 14 de febreiro de 2025 publícase a Orde do 27 de xaneiro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT130A).

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras das axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e, por outra, a convocatoria das axudas para o ano 2025.

O procedemento de concesión das subvencións será en réxime de concorrência competitiva e conforme os principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación.

De conformidade coa disposición adicional segunda, apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude na persoa titular da Dirección Xeral de Cultura para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde.

Tal e como establece o artigo 12 da Orde o prazo máximo para ditar e notificar ás persoas interesadas a resolución expresa non poderá superar os cinco meses, segundo establece o artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Ademais, en aplicación do artigo 13 da orde de convocatoria, a resolución de adxudicación será notificada mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

Así mesmo, e en aplicación do artigo 14, serán igualmente obxecto de publicidade a través do Portal de cultura da páxina web da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, <https://www.cultura.gal/gl/servizos> e do Portal de arquivos de Galicia, <https://arquivosdegalicia.xunta.gal>



Unha vez instruído o procedemento e tras a proposta de resolución, con data do 26 de maio de 2025, o órgano competente emite a resolución das subvencións convocadas.

Por todo o exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do contido íntegro da Resolución do 5 de xuño de 2025, de concesión de subvencións destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT130A), que se xunta como anexo.

Segundo. Comunicar que a Resolución do 5 de xuño de 2025, que finaliza este procedemento, esgota a vía administrativa e contra ela poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Esta resolución tamén poderá ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro. Comunicar que a resolución de adxudicación será notificada mediante esta publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Esta publicación substituirá á notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2025

Anxo M. Lorenzo Suárez
Director xeral de Cultura

ANEXO

Resolución do 5 de xuño de 2025 de concesión de axudas convocadas mediante a Orde do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT130A)

Feitos:

1. O 14 de febreiro de 2025 publícase no DOG núm. 31 a Orde do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á



colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT130A).

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras das axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e, por outra, a convocatoria das axudas para o ano 2025.

2. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, recibíronse un total de 42 solicitudes, das que 9 son de entidades privadas sen fin de lucro e 33 de entidades locais.

Unha vez examinada a documentación e formulados os requirimentos necesarios, procédese á avaliación das solicitudes nas reunións da Comisión Técnica de Avaliación realizadas os días 15 de abril e 14 de maio de 2025.

3. O 26 de maio de 2025 a Comisión Técnica de Avaliación emite un informe de avaliación segundo o regulado no artigo 10.3 da orde de convocatoria.

4. Como resultado da aplicación dos criterios de avaliación obtívose unha relación ordenada de todas as solicitudes que cumpren coas condicións establecidas nas bases da convocatoria.

Fundamentos xurídicos:

1. A Orde do 27 de xaneiro de 2025 establece as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos da Comunidade Autónoma de Galicia, e procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento CT130A).

2. Para a financiación destas subvencións existe un crédito adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, cunha contía total de cento oitenta e cinco mil euros (185.000,00 €), que se imputarán aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 nas aplicacións orzamentarias 13.03.432A.760.0 (150.000,00 €) e 13.03.432A.781.0 (35.000,00 €).

3. O proxecto obxecto de subvención será cofinanciado entre a entidade solicitante e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. A axuda máxima por beneficiario que concederá a consellería será de 7.000,00 € por proxecto, que en ningún caso poderá exceder o 80 % do orzamento total do proxecto que se vaia realizar.



4. O procedemento para a concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como establece o artigo 10 da orde reguladora, aplicando os criterios de valoración recollidos no artigo 9.

5. O órgano instrutor, con base no informe da comisión técnica de avaliación, tendo en conta as bases da convocatoria, eleva a súa proposta de concesión de subvencións ao órgano encargado de resolver o procedemento.

6. Correspóndelle ao director xeral de Cultura, por delegación do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, logo da proposta da persoa titular da Dirección Xeral de Cultura, a competencia para a adxudicación das axudas mediante a correspondente resolución, tal e como establece a disposición adicional segunda da Orde do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.

Con base en todo o anterior, e vista a proposta de resolución,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I e que se divide en dúas epígrafes:

a) Entidades locais que acadan a puntuación suficiente para obter axuda, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados os criterios de valoración e desempate recollidos nos artigos 9 e 11 da Orde do 27 de xaneiro de 2025.

b) Entidades privadas sen fin de lucro que acadan a puntuación suficiente para obter axuda, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados os criterios de valoración e desempate recollidos nos artigos 9 e 11 da Orde do 27 de xaneiro de 2025.

Segundo. Aprobar a listaxe de entidades que non resultaron adxudicatarias tendo en conta o límite de crédito establecido na orde, entidades que se relacionan no anexo II e que se divide en dúas epígrafes:

a) Entidades locais que non resultaron adxudicatarias, tendo en conta o límite de crédito establecido na orde, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados



os criterios de valoración e desempate recollidos nos artigos 9 e 11 da Orde do 27 de xaneiro de 2025.

b) Entidades privadas sen fin de lucro que non resultaron adxudicatarias, tendo en conta o límite de crédito establecido na orde, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados os criterios de valoración e desempate recollidos nos artigos 9 e 11 da Orde do 27 de xaneiro de 2025.

Terceiro. Aprobar a listaxe de solicitudes excluídas e as causas de exclusión, incluíndo as solicitudes que non se axustan ao obxecto, finalidade e requisitos recollidos nos artigos 1 e 3 da orde, que figuran no anexo III.

Cuarto. As entidades adxudicatarias propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días para a súa aceptación desde a publicación desta resolución, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada polo representante da entidade beneficiaria; se a renuncia non se comunica expresamente no citado prazo, a entidade beneficiaria queda comprometida a realizar o investimento, agás causas de forza maior aceptadas pola Comisión de Valoración e, de non facelo, incorrerá nas responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Quinto. Esta resolución finaliza o procedemento, esgota a vía administrativa e contra ela poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, conforme a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Alternativamente, esta resolución poderá ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2025. O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, P.D. (Orde do 27.1.2025; DOG núm. 31, do 14 de xaneiro), Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura.

CVE-DOG: edpwf2f7-7ev5-gp58-iff0-spvkuri844



ANEXO I

a) Listaxe das entidades locais adxudicatarias, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados os criterios de valoración e desempate recollidos nos artigos 9 e 11 da Orde do 27 de xaneiro de 2025.

Orde	Solicitantes	NIF	Puntos	Axuda concedida en €
1	Concello do Irixo	P3203600F	8,53 puntos	7.000,00 €
2	Concello de Caldas de Reis	P3600500G	8,32 puntos	6.252,67 €
3	Concello de Rodeiro	P3604700I	8,14 puntos	6.960,53 €
4	Concello de Quiroga	P2705000D	7,50 puntos	6.776,00 €
5	Concello de Bande	P3200700G	7,50 puntos	7.000,00 €
6	Concello de Vilar de Barrio	P3209000C	7,03 puntos	6.899,90 €
7	Concello de Calvos de Randín	P3201700F	7,01 puntos	6.999,86 €
8	Concello de Viveiro	P2706700H	6,80 puntos	6.969,96 €
9	Concello de Cambados	P3600600E	6,50 puntos	6.776,00 €
10	Concello de Fisterra	P1503800C	6,50 puntos	5.118,30 €
11	Concello de Irixoa	P1504000I	6,50 puntos	5.600,00 €
12	Concello de Val do Dubra	P1508900F	6,50 puntos	7.000,00 €
13	Concello de Ourense	P3205500F	6,38 puntos	6.999,77 €
14	Concello de Mesía	P1504800B	6,15 puntos	6.975,00 €
15	Concello das Somozas	P1508200A	6,00 puntos	6.953,64 €
16	Concello de Negreira	P1505700C	6,00 puntos	7.000,00 €
17	Concello de Ribadumia	P3604600A	5,71 puntos	7.000,00 €
18	Concello de Pontecesures	P3604400F	5,50 puntos	7.000,00 €
19	Concello das Pontes de García Rodríguez	P1507100D	5,50 puntos	5.544,82 €
20	Concello de Chantada	P2701600E	5,49 puntos	4.000,00 €
21	Concello de Muxía	P1505300B	5,30 puntos	5.600,00 €
22	Concello de Castroverde	P2701100F	5,02 puntos	7.000,00 €
23	Concello de Ordes	P1506000G	5,00 puntos	6.573,55 €



b) Listaxe das entidades privadas sen fin de lucro adxudicatarias, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados os criterios de valoración e desempate recollidos nos artigos 9 e 11 da Orde do 27 de xaneiro de 2025.

Orde	Solicitantes	NIF	Puntos	Axuda concedida en €
1	Diocese de Lugo	R2700002E	5,50 puntos	6.918,63 €
2	Fundación Isla Couto	G36680437	5,00 puntos	7.000,00 €
3	Asociación Cultural Fundación Penzol	G36623171	4,72 puntos	2.700,00 €
4	Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas Exponav	G15944564	4,37 puntos	7.000,00 €
5	Fundación Clúster de Conservación de Productos del Mar	G36998896	4,00 puntos	7.000,00 €
6	Fundación 10 de Marzo	G15338080	3,11 puntos	4.381,37 €

ANEXO II

a) Listaxe das entidades locais non adxudicatarias, tendo en conta límite de crédito establecido na orde, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados os criterios de valoración e desempate recollidos nos artigos 9 e 11 da Orde do 27 de xaneiro de 2025

Solicitantes	NIF	Total puntos
Concello de Noia	P1505800A	4,67 puntos
Concello de Abegondo	P1500100A	4,53 puntos
Concello de Valdoviño	P1508800H	4,50 puntos
Concello de Narón	P1505500G	4,03 puntos
Concello de Valga	P3605600J	4,00 puntos
Concello de Ribeira	P1507400H	2,94 puntos
Concello de Rianxo	P1507300J	1,68 puntos
Concello de Ponteareas	P3604200J	1,50 puntos

b) Listaxe das entidades privadas sen fin de lucro non adxudicatarias, tendo en conta límite de crédito establecido na orde, ordenadas por orde decrecente de puntuación, unha vez aplicados os criterios de valoración e desempate recollidos nos artigos 9 e 11 da Orde do 27 de xaneiro de 2025.

Solicitante	NIF	Total puntos
Fundación Luis Tilve	G15169949	3,00 puntos
Fundación Uxío Novoneyra	G27407238	1,22 puntos



ANEXO III

Listaxe de solicitudes excluídas e as causas de exclusión, incluíndo as solicitudes que non se axustan ao obxecto, finalidade e requisitos recollidos nos artigos 1 e 3 da Orde do 27 de xaneiro de 2025.

Entidades locais:

Solicitante	NIF	Causa de exclusión
Concello de Rairiz de Veiga	P3206800I	Incorrer na exclusión recollida no artigo 1 da orde de convocatoria
Concello de Padrón	P1506600D	Renuncia

Entidades sen fin de lucro:

Solicitante	NIF	Causa de exclusión
Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional	G36741049	Incorrer na exclusión recollida no artigo 1 da orde de convocatoria

